

O Fondo Galego de Cooperación supervisa en Guinea-Bissau os proxectos de auga e saúde

Representantes da asociación municipalista e dos concellos de Nigrán, Cartelle e Cuntis afianzan a colaboración co goberno rexional de Cacheu

Pontevedra, 21 de maio de 2024. Unha delegación do [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#) áchase desde a pasada fin de semana en Guinea-Bissau para supervisar os proxectos apoiados no país lusófono en materia de **saúde e obtención de auga potable**. O presidente da entidade e alcalde de Nigrán, Juan González; o vicepresidente e edil de Cartelle, Daniel Fernández, e mais o vogal e alcalde de Cuntis, Manuel Campos, acompañados por unha responsable técnica, aproveitarán tamén para fortalecer a colaboración goberno da Rexión de Cacheu, socio local nos **cinco proxectos financiados cun total de 72.000 euros**. A visita finalizará o 25 de maio, coincidindo co **Día de África**.

A cooperación directa do Fondo Galego en Guinea-Bissau botou a andar no ano 2020, co obxectivo de reforzar a capacidade de [resposta á pandemia](#), dotando de **materiais de hixiene e protección** á poboación desfavorecida a través dos 22 centros sanitarios de Cacheu (máscaras, lixivia, xel hidroalcolico, etc.). Ao mesmo tempo, distribuíronse **12.000 quilos de arroz** para paliar a inseguridade alimentaria. Unhas 40.000 persoas resultaron beneficiarias destas accións, nas que se implicaron máis de setenta voluntarias e voluntarios que tamén concienciaron sobre as medidas de prevención fronte a Covid-19.

En 2022 levábase a cabo na rexión outro dos proxectos na área de saúde, concretamente para **mellorar a calidade do tratamento materno-infantil** en cinco infraestruturas sanitarias que atenden preto de 85.000 persoas. Deste xeito, instaláronse unha ducia de **camas hospitalarias e adquiríronse equipamentos** como ecógrafos, aspiradores, esterilizadoras, básculas, etc., alén de prover de electricidade e auga aos centros que carecían delas.

Nos primeiros días da visita, a delegación do Fondo Galego xa puido coñecer varias destas instalacións sanitarias e reunirse con autoridades tanto de Cacheu como de distintos sectores administrativos nos que se estrutura a rexión. Esta tarde desprazaranse á Illa de Pecixe, onde se desenvolveron os tres **proxectos para a dotación de auga potable** financiados desde 2021 e dos que se beneficiaron máis de 550 familias que viven practicamente illadas nas comunidades de [Cassaca](#), Reno e [Pessangue](#). Todas as actuacións contemplan a construción dun pozo cun depósito de 4.000 litros e unha motobomba alimentada por paneis

solares, xunto coa canalización cara as fontes comunitarias, amais da sensibilización sobre hábitos hixiénicos e sobre o emprego correcto deste recurso. Búscase reducir así os problemas de saúde derivados da **insalubridade da auga e mais os esforzos físicos** realizados por parte das mulleres e a rapazada, que adoitan encargarse de recollela.

A axenda en terreo continuará mañá mércores no Parque Natural dos Tarrafes do Río Cacheu, onde a comitiva coñecerá o programa de reforestación dos mangleiros. A finais de semana manterán asemade **xuntanzas con representantes do goberno central e da Embaixada** de España en Guinea-Bissau. Con toda a información recompilada sobre as principais necesidades e demandas na zona, decidiranse os futuros proxectos cos que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade apoiará o desenvolvemento do país africano.

Un dos países máis empobrecidos

Se ben a [República de Guinea-Bissau](#) vén experimentando certo crecemento grazas á subida de prezo do anacardio -a súa principal exportación-, a inestabilidade política ten sido un grave condicionante para o seu desenvolvemento. A isto súmase a destrución do tecido económico e social na guerra civil de 1998, cuxas consecuencias perduran hoxe en día, situándoo entre os dez países máis pobres do mundo. O PIB per cápita é de 753€, mentres que a esperanza de vida se acha nos 58 anos. No entanto, a riqueza natural e cultural de Guinea-Bissau supón un gran potencial e existen iniciativas locais desde as que se loita por reverter a situación.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 108 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur Global e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. **Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega**, o Fondo Galego vén de cumprir 26 anos tendo apoiado uns 200 proxectos en máis de trinta países e promovendo numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur e a Axenda 2030.

ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas 604 040 890

comunicacion@fondogalego.gal

